

Instrucións para cumprir adecuadamente co criterio de Linguas de Impartición nas memorias oficiais dos títulos.

Durante o proceso de preparación dos SET dos estudantes da UDC detectáronse de forma xeneralizada inconsistencias entre a información remitida polos centros para o SET, a información contida na PDA e POD dos diferentes cursos, e a información oficial que aparece nas memorias de verificación dos títulos. Por este motivo, faise necesario unha revisión de PDAs e PODs, así como das memorias para adecualas á realidade da súa implantación actual, e poder emitir os SET de forma fiel ao percorrido académico do estudante.

1. Modelos de inclusión da docencia en inglés nas titulaciones da UDC

Para impulsar a incorporación de docencia en inglés nos diferentes títulos, establécense os seguintes modelos:

1. **Títulos con docencia en inglés obrigatoria para todos os estudantes:** son títulos onde un grupo de materias obrigatorias se imparten en inglés para todos os estudantes. Débese contemplar así na memoria (apartado 5.1 e fichas das materias) e establecer un requisito de nivel para todos os estudantes (apartado 4.2).
2. **Títulos con grupos bilingües voluntarios para o alumnado:** son títulos onde existe un grupo diferenciado de estudantes que (voluntariamente) cursan certas materias en inglés. Se o estudante supera unha porcentaxe igual ou superior ao 50% dos créditos do título no grupo de inglés, a condición de titulación bilingüe reflectirase no SET. Xa que logo, os centros con títulos con grupos bilingües deben tratar de alcanzar a oferta de materias que permitan aos alumnos cumprir o requisito do 50%. Débese contemplar o grupo bilingüe na memoria (apartado 5.1) e establecer un requisito de nivel para os estudantes que soliciten este grupo (apartado 4.2).
3. **Títulos con optativas en inglés:** son títulos que posúen optativas que se ofertan en inglés. Neste caso todos os estudantes que cursen esas materias terán que cursalas enteiramente en inglés. Débese contemplar así na memoria (apartado 5.1 e fichas das materias) e establecer un requisito de nivel para os estudantes que soliciten estas optativas.

En todos os casos, a incorporación de novas materias/grupos/itinerarios en inglés, **debe estar previamente autorizada** polas vicerreitorías con competencias na materia (Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente, Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación, Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente), e ser incorporadas ás memorias dos títulos (ben sexa a través de seguimento, modificación ou nas novas verificacións).

Código Seguro De Verificación	8sDabm0Ry3WfLaT4kNKu8Q==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	01/06/2020 10:45:46	
Observacións		Páxina	1/4	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8sDabm0Ry3WfLaT4kNKu8Q==			

II. Instrucións de ANECA sobre o despregue das linguas vehiculares nos títulos

En relación ao despregue das linguas vehiculares ás que se fai referencia no apartado 1 das memorias de verificación dos títulos, e a traslación ao plan de estudos descrito no apartado 5, se avaliará caso a caso, atendendo sempre a que sexa o máis informativo posible para os futuros estudantes.

Con carácter xeral

Considerarase que as linguas de impartición reflectidas no apartado 1 das memorias de verificación deben estar asociadas polo menos a un módulo/materia/asignatura obrigatoria (que teñan que cursar todos os estudantes).

As linguas que se inclúan soamente en materias optativas (incluídas obrigatorias de mención) non deben terse en conta para o despregue deste apartado.

Non se considera, para o despregue no apartado 1, como lingua de impartición ou lingua vehicular a que se utilice únicamente en certos materiais docentes, como poden ser apuntes, bibliografía, lecturas recomendadas, ou incluso si se utiliza en conferencias ou seminarios de profesores visitantes que usen ese idioma, nin tampouco as linguas asociadas a materias de idiomas que se oferten no título.

Si no apartado 1 aparece algunha lingua de impartición diferente ás linguas oficiais (español/galego) é necesario incluír como requisito de acceso a todos os estudantes de novo ingreso unha certificación de nivel de idioma.

Titulacións con grupos bilingües baixo solicitude do alumnado

No caso de que un título contemple a organización da docencia en grupos diferenciados segundo a lingua de impartición utilizada, e isto afecte polo menos a algunha materia obrigatoria para todos os alumnos (como é o caso das titulacións cun grupo en “inglés”), haberá que consignar no apartado 1 como linguas de impartición do título tanto “español” e “galego” como “inglés”. No apartado 5.1 da memoria describirase esta situación, indicando nas fichas que materias se ofertarán no programa bilingüe no idioma non oficial. Así mesmo, no apartado 4 da memoria haberá que establecer un requisito de nivel como criterio de admisión para os solicitantes do programa bilingüe.

Materias de idiomas dentro dos títulos

Cando unha lingua estranxeira non sexa lingua vehicular, simplemente sexa a lingua na que se imparte a materia na que se adquiren as destrezas para expresarse nela (por

Código Seguro De Verificación	8sDabm0Ry3WfLaT4kNKu8Q==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	01/06/2020 10:45:46	
Observacións		Páxina	2/4	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8sDabm0Ry3WfLaT4kNKu8Q==			

exemplo, materia “inglés”, ou materia “idioma moderno”), non poderá figurar no apartado 1 como lingua de impartición do título aínda que o carácter da materia sexa “obrigatoria”.

Optativas que se imparten nun idioma non oficial

No caso de que algunha optativa se imparta nunha lingua diferente das oficiais, fixarase como lingua de impartición na ficha da materia ese idioma, e indicarse no apartado 5.1 da memoria que esta asignatura (ou asignaturas, se son varias) se impartirá nesa lingua. Ademais, haberá que establecer un requisito de nivel como criterio para que o estudante poida seleccionar esa optativa.

Optativas que se imparten nun ou outro idioma dependendo do ano

No caso de que algunha optativa se imparta nunha lingua diferente das oficiais dependendo do ano e da dispoñibilidade de docentes, poderase fixar como lingua de impartición na ficha da materia ese idioma, e indicarse no apartado 5.1 da memoria que esta asignatura se impartirá nas linguas oficiais ou na outra lingua dependendo do ano e en función da dispoñibilidade docente, coñecendo sempre o estudante con antelación suficiente as linguas de impartición das mesmas. Ademais, haberá que establecer un requisito de nivel como criterio para que o estudante poida seleccionar esa optativa si se imparte nun idioma non oficial.

Código Seguro De Verificación	8sDabmORy3WfLaT4kNKu8Q==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	01/06/2020 10:45:46	
Observacións		Páxina	3/4	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8sDabmORy3WfLaT4kNKu8Q==			

III. Instrucións para a revisión e actualización das linguas vehiculares nos títulos da UDC

Para poder cumprir adecuadamente coas memorias de verificación, e, sobre todo, para poder reflectir de forma correcta este criterio nos SET dos estudantes, establécese o seguinte procedemento:

1. Nos centros revisarase a PDA deste curso para comunicar fielmente a situación da docencia en inglés dos títulos, atendendo aos modelos que se expuxeron no primeiro apartado deste documento.
2. Os coordinadores dos títulos revisarán as memorias dos mesmos nos seguintes termos:
 - Revisar que linguas de impartición figuran no apartado 1 da memoria de verificación vixente e se estas son correctas seguindo as instrucións da ANECA anteriores
 - Revisar se a descrición do apartado 5.1, no referente ao idioma de impartición, reflecte a situación real da súa titulación. Si existe un grupo bilingüe debe estar reflectido na memoria.
 - Revisar a lingua de impartición nas fichas das materias. Os idiomas oficiais e non oficiais só poderán aparecer simultaneamente na ficha si hai grupos diferenciados bilingües. Noutro caso, hai que reflectir a lingua vehicular que debe ser ou ben una das oficiais ou ben a lingua non oficial.
 - Revisar si no apartado 4 se establece o requisito de nivel no caso de que sexa necesario (atendendo ás instrucións da ANECA do punto anterior).
3. Si na revisión anterior se detecta calquera inconsistencia coas instrucións da ANECA, o coordinador de titulación e o responsable de calidade do centro procederán a incorporar no informe de seguimento do curso 2018/2019 da titulación (ou do centro no caso de seguimento institucional) a modificación correspondente, que se trasladará á memoria na próxima modificación que se realice do título.
4. Os responsables de calidade dos centros remitirán á Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente a información actualizada (usando o excel que se aportará para o proceso) sobre as linguas de impartición, de forma que esta se traslade aos SET dos estudantes.

Código Seguro De Verificación	8sDabm0Ry3WfLaT4kNKu8Q==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	01/06/2020 10:45:46	
Observacións		Páxina	4/4	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8sDabm0Ry3WfLaT4kNKu8Q==			